


Xa nos podes mandar a túa opinión, ou un traballo, ou un artigo,
ou o que ti queiras á nosa dirección de correo:

douspierre@edu.aytolacoruna.es

*Galería
de
Mussures Matemáticas.*



EXPOSICIÓN

JUAN JACOBO DURÁN LORIGA



matemático
coruñés



CLUB MATEMÁTICO DURÁN LORIGA
I.E.S. RAMÓN OTERO PEDRAYO

Por fin xa están a punto as dúas exposicións que poñen remate ás actividades do **CLUB MATEMÁTICO DURÁN LORIGA** para o curso 1999-2000. A primeira delas é unha mostra chamada **Galería de Mulleres Matemáticas** e a segunda é unha exposición sobre a vida e obra de **Juan Jacobo Durán Loriga** e consta de 16 carteis en tamaño A1 (60 cm x 80 cm, aproximadamente) impresos en papel fotográfico. Colaboraron na financiación desta exposición as entidades: **ANAYA, Concello da Coruña e Caixa Galicia**.

Expoñeranse no centro ata o **día 31 de maio** e **do 1 ó 7 de xuño** trasladaranse ó **FORUM METROPOLITANO**, onde formarán parte dunhas xornadas de remate de fin de curso, das que se fala na páxina 4.

PENSAR É DIVERTIDO

¿SERÁ VERDADE?

Elena díxolle a Paloma:

Coñezo infinitos pares de números dos que o seu produto coincide coa súa suma.

¿Que opinas ti desta afirmación?

AUGA QUE NON VAS BEBER...

A piscina de Elviña ten as seguintes dimensións:

- Longo: 25 m.
- Ancho: 12,5 m.
- Profundidade: nunha cabeceira, 1,90 m; na outra cabeceira, 2 m; e no centro, 2,5 m.

¿Canto custa a auga para enchela?.

Vai a un supermercado e elixe a marca de auga que ti queiras. ¿Canto custaría enche-la piscina con ese tipo de auga?


¡DEPOR CAMPIÓN!

¡Por fin o Depor é campión de liga!, pero ata o de agora era simplemente Eurodepor. E falando de Euros..., ¿cal sería o custo en pesetas, se quixesemos cubrir totalmente o terreo de xogo de Riazor con billetes de 500 € (sen romper ningún billete)?


Nota: as dimensións, en milímetros, deste billete son 160x82?

O XOGO DAS FORMAS CHINESAS


TANGRAM



INTERNET MATEMÁTICAS NA REDE



MATEMÁTICAS E PRENSA



Exposición sobre las matemáticas en el Instituto de Curtis

El Seminario de Matemáticas del Instituto de Curtis acaba de inaugurar una exposición de 53 fotografías sobre esta disciplina, informan Ruth Gestal Louzao, Mónica Remeseiro López y Belén Manteiga Manteiga, de 1º de ESO. También el seminario, en colaboración con el de Geografía e Historia y el equipo de Normalización Lingüística, publicó un calendario matemático del año 2000. El dinero obtenido con la venta de ejemplares va destinado al viaje de fin de curso.

CARLOS F.R.

Este fantástico portal de matemáticas na rede podédelo atopar na páxina educativa do Concello da Coruña:

<http://www.edu.aytolacoruna.es/aula/matematicas>

Páxina creada por D.José Antonio Delgado Díaz, profesor do IES A Sardiñeira da Coruña. Presenta un menú diferenciado por niveis:

Infantil e Primaria

ESO 1º ciclo

ESO 2º ciclo

Bacharelato/COU

Outras Web's do autor

As outras matemáticas

Ten numerosos enlaces a outras páxinas de matemáticas, onde poderedes atopar: apuntes, exames, acertixos, test de intelixencia, a sucesión de Fibonacci, nº PI, Escher, ...

CHARLOTTE ANGAS SCOTT

(8-6-1858; 10-11-1931)

Desafiando unha era na que as mulleres loitaban para situarse na elite e comezando a súa instrución en faladoiros, Charlotte Angas Scott superou a desaprobación da sociedade ó xurdir como unha das primeiras mulleres inglesas que obtivo un doutoramento en matemáticas. Tocoulle vivir un período (finais do século XIX e principios do XX) no que a sociedade asumía que o lugar da muller era estar na casa. Sen embargo, Charlotte Scott sabía o importante que era acadala igualdade para as mulleres, e puido levar a cabo o seu propósito enfrontándose a unha vida de desafío.

Venturosa nas súas aspiracións, é considerada unha pioneira no progreso do papel que as mulleres deberán ter no campo das matemáticas.

Charlotte Angas Scott naceu en Inglaterra en 1858. Criouse nunha familia de “Cristiáns inconformistas”, que avogaba pola reforma da educación das mulleres. O seu precoz interese nas matemáticas foi propiciado polo seu pai quen, á curta idade de sete anos, xa poñía á súa disposición profesores desta materia. Charlotte puido dispor de titores só porque o seu pai tiña a prestixiosa posición de Presidente do Lancashire College. Neste tempo, as mulleres tiñan abertas moi poucas portas á educación formal secundaria e non serían aceptadas en ningunha universidade de Inglaterra. Charlotte, a segunda de sete fillos, foi extremadamente afortunada por nacer no seo dunha familia onde os pais a animaban a non se reprimir no “molde de ferro do convencionalismo”. Gañou unha beca en 1876, á idade de dezañoitos anos para o Hitchin College. Este foi o primeiro colexio de Inglaterra en ofrecerlle un programa de pos secundaria. Pouco tempo despois da súa fundación, pasou a denominarse Girton College e trasladárono a 3 millas da universidade de Cambridge. Catro anos máis tarde, en 1880, Charlotte competiu nos exames finais en Cambridge, os exames “Tripos”.


A superación destes exames supuña que os cualificados recibirían unha licenciatura con honores. Previamente só se outorgaba ós estudantes masculinos. O rendemento de Charlotte no exame situouna no oitavo lugar entre tódolos homes da universidade, con todo non a deixaron asistir á cerimonia dos premios, só por tratarse dunha muller.

Charlotte non deixou que este insulto a desanimara; ó contrario, inspirouna para traballar aínda máis.

Recibiu a súa licenciatura en Ciencias no ano 1882 e, en 1885, conseguiu o seu doutoramento. En ambos graos obtivo a clasificación máis alta posible: “Primeira clase”. Recolleu os seus títulos na Universidade de Londres; Cambridge non lles outorgaría títulos ás mulleres ata o ano 1948. Sen embargo, os efectos dos seus éxitos nun campo dominado polos homes non

pasou inadvertido, serviu para que tódalas mulleres residentes puideran facer os exames de Cambridge e, ademais, que anunciaran publicamente, igual que facían cos homes, os seus nomes.

Charlotte exerceu como profesora no Girton College durante catro anos. Ó final deste período, xurdiulle a oportunidade de dar clases no Bryn Mawr College, nos Estados Unidos. Foi unha das primeiras persoas ás que se lle ofreceu este posto xa que o seu traballo anterior recibira moitos eloxios. A nosa protagonista, ilusionada, decidiu deixar Inglaterra e aceptar o novo posto de ensinante. Viu que a agardaba unha terra chea de oportunidades. Só era cuestión de tempo antes de que Charlotte establecera moitos precedentes matemáticos no colexio. A súa lista de méritos permitiu que determinara os requisitos de admisión en 1885 para o Bryn Mawr College en aritmética, álgebra e xeometría plana. Insistiu para que o centro puxera un exame de acceso que, por fin, implantouse no ano 1901. Estableceu criterios, como examinadora principal



en 1902 e 1903, que aínda están en vigor. Escribiu un libro titulado: *Unha relación introductora de certas ideas e métodos modernos en Xeometría Analítica Plana* que se publicou por primeira vez en 1894, reeditado trinta anos máis tarde, e que aínda se emprega hoxe en todo o mundo. ademais, publicáronse no *Xornal Americano das Matemáticas* máis de trinta documentos seus. En 1899 converteuse na co-editora deste Xornal, posición que mantivo ata 1926. O seu traballo foi recoñecido e loado pola Sociedade Matemática Americana (AMS) en 1896. Charlotte foi a primeira muller que formou parte do primeiro consello da AMS, fundada en 1894. Só dúas de entre nove mulleres, dos 250 membros desta asociación, tiñan o doutoramento en filosofía. Novamente, formou parte

do consello da AMS entre 1899 e 1901; en 1905 converteuse en vicepresidenta.

Nos 40 anos que Charlotte Angas Scott pasou nos EE.UU., tivo unha vida chea de éxitos: inauguraré o programa de estudantes licenciados e non licenciados en matemáticas no Bryn Mawr; publicou un texto para licenciados; foi autora de máis de 30 documentos que se publicaron en xornais de todo o mundo; ademais de ser socia, tivo responsabilidades en moitas organizacións e sociedades matemáticas. Tivo o honor de ser a primeira muller británica en recibir un doutoramento en matemáticas, sendo a primeira matemática no Bryn Mawr College. É recoñecida por ser a autora do primeiro documento de investigación matemática nos EE.UU., que tamén chegou a Europa: “*A proof of Noether’s Fundamental Theorem*”. Charlotte retirouse ós 67 anos. Volveu a Inglaterra e viviu alí ata 1931. Gracias á súa influencia, as mulleres empezaron a asumir un papel máis activo na sociedade matemática.

En resume, Charlotte inspirou o desafío radical das mulleres na busca dun posto dentro do mundo das matemáticas.

M^a Goretti Moar López, 4^oC

CORPUS MATEMÁTICO



A vindeira festividade de Corpus, na Vila de Ares (A Coruña), terá un carácter netamente matemático, xa que, segundo informa a asociación encargada de organizar esta actividade, estarán reservados 400 m² para facer alfombras frorais con temática matemática e, ademais, en todo o traxecto, as cenefas das alfombras restantes tamén serán deseñadas co motivos matemáticos.

VÉMONOS NO FORUM

As actividades realizadas polo **CLUB MATEMÁTICO DURÁN LORIGA** estarán amplamente representadas, no Forum Metropolitano, na semana do 1 ó 7 de xuño. Poderanse ver as seguintes exposicións:

J.J. Durán Loriga
Mulleres Matemáticas
Láminas de Escher
Figuras imposibles
Poliedros....



5 de xuño

Charla sobre J.J. Durán Loriga,
a cargo do Prof. D. Ricardo Mariño Caruncho.

7 de xuño

Pentatlón matemático.

¡Estades convidados e convidadas!



O NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF)

A chamada aritmética modular utilízase para fixar un **díxito de control** en códigos, tarxetas de crédito, DNI, etc, que serve para descubrir moitas falsificacións ou posibles erros no número de identificación nas tarxetas, produtos ou persoas. Estes sistemas detectan tódolos erros simples, é dicir, cando se confunde un díxito con outro, sen embargo, non descubre outros erros, menos frecuentes, pero posibles.

Para calcular a letra correspondente ó NIF, procédese da seguinte maneira:

Divide o n^o do DNI entre 23.

Calcula o resto da división.

Busca a letra correspondente ó resto na táboa seguinte:

0	T	8	P	16	Q
1	R	9	D	17	V
2	W	10	X	18	H
3	A	11	B	19	L
4	G	12	N	20	C
5	M	13	J	21	K
6	Y	14	Z	22	E
7	F	15	S	23	T

Usando a calculadora faríamos o seguinte:

31 231 157 : 23 = 1357876,4
restamos, ó resultado, a parte enteira:

- 1357876 = 0,391
multiplicamos por 23,

0,391 × 23 = 9
polo tanto a letra é a D